

¿QUE É O MUTISMO SELECTIVO?

Pódese definir como a dificultade que presentan algúns alumnos para comunicarse verbalmente en ámbitos e situacións sociais pouco familiares e/ou con persoas pouco coñecidas. Esta definición indica, por unha parte, que os alumnos con mutismo selectivo teñen unha competencia lingüística e comunicativa axustada á súa idade comprobada no ambiente familiar próximo e, por outra, que esta boa competencia non se pon en práctica noutros ambientes e con outras persoas.

Hai que destacar que o mutismo selectivo como trastorno forma parte dun continuo:

1. Aversión a falar: aqueles que se comunican oralmente pero o fan de xeito conciso.
2. Mutismo selectivo: os que seleccionan as persoas e as situacións nas que falan.
3. Mutismo total: nenos que van restrinxindo progresivamente as situacións e as persoas ata non falar con ninguén.

O mutismo progresivo ou total conta xeralmente cunha historia previa de mutismo selectivo e/ou de aversión a falar moi intensa. A experiencia demostra que se se deixa que o problema se manteña no tempo, non só non desaparecerá senón que con moita probabilidade se agravará, o neno irá ampliando o rexeitamento a falar en máis situacións e con máis persoas. De aí a importancia de intervir o máis temperá posible.

É importante sinalar que o mutismo selectivo leva consigo altos niveis de sufrimento persoal, ademais de importantes problemas de adaptación ao ámbito. Pode mediatizar o desenvolvemento afectivo-emocional e repercutir negativamente (en función da súa gravidade e do grao de xeneralización do rexeitamento a falar) no desenvolvemento social, persoal e académico do alumno.

Ademais das características propias do mutismo estes alumnos adoitan presentar algúns trazos de personalidade característicos como timidez, retraemento social, dependencia, perfeccionismo, etc., que, no caso de

concorrer no alumno, poden agudizar o problema ou contribuír á súa consolidación.

- Factores relevantes no ámbito escolar:

- *Xeración de expectativas negativas do profesorado e do alumnado con relación á posible evolución e normalización da fala do alumno:* tanto o profesorado que imparte clases ao alumno como os seus compañeiros pensan e verbalizan que non fala nin vai falar.
- *Acomodación do entorno ás dificultades do alumno:* o alumno deixa de facer certas actividades académicas porque non fala (non sae á lousa, sáltaselle sistematicamente nas quendas de preguntas,...), os compañeiros convértense en "intérpretes" do alumno, permíteselle contestar mediante xestos,...
- *Diminución de situacións nas que é necesaria a comunicación oral:* nin o profesorado nin os compañeiros piden ao alumno respostas orais.

- Factores relevantes no ámbito familiar e social:

- *Excesiva atención recibida por non falar:* ao alumno pregúntaselle reiteradamente se falou no centro escolar, de facelo con quen, canto e como.
- *Alto nivel de esixencia por parte dos pais para que fale e fale ben:* os pais móstranse excesivamente esixentes en canto á corrección da fala...
- *Sobreprotección familiar:* dependencia excesiva do adulto con pouco desenvolvemento de hábitos de autonomía persoal e de comportamentos responsables.
- *Modelo familiar con relacións sociais inadecuadas e/ou escasas:* ausencia ou escaseza de experiencias de contacto e interaccións sociais.

- Factores relevantes relacionados con características de personalidade e condicións persoais:

- Excesiva rigorosidade, meticulosidade e perfeccionismo que impiden ao alumno enfrontarse a situacións nas que ten medo a fracasar.
- Excesiva inhibición social, timidez e retraemento que dificultan as relacións interpersoais.
- Escasas habilidades comunicativas e lingüísticas que dificultan a comunicación oral.

INDICADORES MUTISMO SELECTIVO

Nº	Indicador	SE	NON
1	No ámbito escolar non fala nunca podendo facelo.		
2	No ámbito escolar só fala nalgunhas situacións		
3	Non fala nunca cos adultos da escola.		
4	Fala soamente con algúns adultos da escola.		
5	Non fala nunca cos nenos da escola.		
6	Fala soamente con algúns compañeiros da escola.		
7	Manifesta ansiedade en situacións de interacción verbal e contacto corporal (mete os dedos na boca, remóvese no seu asento, móstrase tenso...).		
8	Rixidez na súa postura corporal habitual (costas e colo moi rectos, brazos caídos paralelos ao corpo, boca aberta ou apertada, ...).		
9	Inexpresividade facial e corporal (non realiza xestos faciais, non sorrí, non xesticula coas mans nin co corpo).		
10	Conductas de evitación da interacción social (mira para outro lado, baixa a cabeza, evita o contacto físico...).		
11	Conductas de evitación de situacións sociais (non vai ao baño cos demais en grupo, non vai aos cantos de traballo da aula, nos recreos xoga só ou cun neno...)		
12	Demórase na realización de tarefas ou actividades escolares máis do debido.		
13	Habitualmente non toma a iniciativa para asumir pequenas responsabilidades (recoller ou repartir o material...).		
14	Habitualmente non participa espontaneamente na dinámica da aula (non salgue nunca voluntariamente a realizar unha actividade, non levanta a man...)		
15	Habitualmente non se expón ante o grupo (négase a saír á lousa, non participa en dramatizacións...).		

Os seis primeiros indicadores expresan a sintomatoloxía básica do Mutismo Selectivo, a resposta afirmativa a varios indicadores deste bloque débemos alertar para continuar a observación e afondar na análise.

Os outros nove indicadores recollen algúns factores de personalidade ou comportamentos característicos que adoitan estar presentes neste tipo de alumnos. Aínda que convén telos en conta á hora de describir e concretar o funcionamento comunicativo e verbal do alumno, non forman parte dos elementos definitorios do trastorno e, polo tanto, poden estar presentes ou non en cada un dos casos.

DIAGNÓSTICO DO MUTISMO SELECTIVO

Criterios diagnósticos DSM-IV TR	
Criterio	Observacións
<p><u>Criterio 1:</u> Incapacidade persistente a falar en situacións específicas (na escola e en xeral en situacións nas que estean presentes persoas descoñecidas) a pesar de facelo noutras situacións (cos pais e con persoas moi familiares).</p>	<p>A avaliación deste apartado esixe delimitar claramente en que ámbitos (familiar, escolar e social) e situacións fala e non fala e con qué persoas concretas fala e non fala en cada un deles.</p> <p>A recollida de información pode realizarse a través de rexistros de observación, entrevistas á familia e aos profesionais do centro escolar e gravacións de audio ou vídeo realizadas no ámbito familiar en situacións espontáneas.</p>
<p><u>Criterio 2:</u> A alteración interfere no rendemento escolar ou a comunicación social</p>	<p>A valoración deste criterio diagnóstico require unha avaliación minuciosa da competencia curricular e social do alumno. A interferencia na relación social e na comunicación interpersonal é notoria dende o principio (adoitan ser nenos con poucos amigos, que tenden a illarse e a xogar soos no recreo,...). Non obstante a interferencia no rendemento escolar non se fai evidente ata etapas posteriores.</p> <p>A recollida de información pode realizarse a través de rexistros de observación e probas de contidos.</p>
<p><u>Criterio 3:</u> A duración da alteración é de polo menos 1 mes</p>	<p>O mutismo selectivo adoita presentarse xeralmente dende o inicio da escolaridade, polo que a entrevista ao profesorado acerca da historia escolar do neno, pode resultar suficiente para recoller a información.</p> <p>Cando se teña sospeitas de que un neno no inicio da escolarización presenta un mutismo selectivo, é conveniente ampliar o tempo ao primeiro trimestre para descartar os problemas de adaptación</p>
<p><u>Criterio 4:</u> A incapacidade para falar non se debe a unha falta de</p>	<p>Os nenos con mutismo selectivo posúen, polo xeral, a competencia lingüística e</p>

<p>coñecemento ou de fluidez da linguaxe falada requirido na situación social.</p>	<p>comunicativa propia da súa idade cronolóxica. Polo xeral, non falan na escola, pero comunícanse verbalmente dun xeito normal na casa.</p> <p>A gravación en casete ou en vídeo dunha situación espontánea no ámbito familiar na que o neno fala pode ser suficiente para recoller información. Ademais podemos utilizar instrumentos de avaliación da competencia lingüística que non lle esixan ao neno utilizar a linguaxe verbal.</p>
<p><u>Criterio 5:</u> O trastorno non se explica mellor pola presenza dun trastorno da comunicación e non aparece exclusivamente no transcurso dun TGD, esquizofrenia ou un trastorno psiquiátrico</p>	<p>O mutismo do neno pode ser un síntoma doutro trastorno psiquiátrico. É necesario por iso realizar un diagnóstico diferencial e valorar se é ou non un mutismo selectivo descartando a existencia de: Minusvalía mental, trastorno xeneralizado do desenvolvemento, trastornos da linguaxe e a comunicación, trastornos de ansiedade e outros.</p> <p>É conveniente tamén ter en conta a existencia de problemas emocionais graves derivados de feitos traumáticos como: rupturas familiares, do, abusos, malos tratos, estres pos traumático, ... que poden producir síntomas similares.</p> <p>Para o diagnóstico diferencial poden realizarse probas médicas (audiación, neurolóxicas,...), e utilizar informes psicolóxicos e psiquiátricos.</p>

O diagnóstico do mutismo selectivo require a presenza de **todos os criterios** citados no cadro anterior. A responsabilidade da coordinación de todos os docentes implicados e a xestión do proceso de diagnóstico, recaerá no orientador/a do centro escolar.

AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Ámbito persoal	<ul style="list-style-type: none">• Condicións comunicativas e lingüísticas do alumno/a: con quen fala, con quen non, en qué ton, con qué lonxitude, canto...• Comportamentos asociados ao mutismo: conductas de evitación e escape, grao de tensión corporal...• Historia do problema: posibles causas, manifestacións iniciais, evolución do problema...• Competencia social do alumno/a.• Competencia lingüística do alumno/a.• Tipo de axudas que facilitan a interacción verbal• ...
Ámbito escolar	<ul style="list-style-type: none">• Contexto socio-persoal de ensino-aprendizaxe: Vinculación con titora, estilo de autoridade; clima social da aula...• Atribucións, cognicións e expectativas respecto ao problema do alumno/a.• Características do proceso de ensino-aprendizaxe: (organización física da aula, estratexias didácticas,...)• Medidas adoptadas para paliar a dificultade e resultado destas.• Actuacións do profesorado ante as situacións de non fala do neno (ignorar, insistir, permitir uso de linguaxe non verbal, castigar,...)• ...
Ámbito familiar	<ul style="list-style-type: none">• Estilo de autoridade familiar.• Competencia social e estilo relacional da familia• Composición familiar e clima.• Atribucións, cognicións e expectativas respecto ao fillo e o seu problema.• Reaccións dos pais nas situacións sociais concretas nas que se manifesta o problema (insistir, obrigar, suxerir, castigar, prometer...)• Medidas adoptadas e resultados.• ...

NECESIDADES EDUCATIVAS

NECESIDADES EDUCATIVAS

As necesidades educativas máis relevantes para os nenos con mutismo selectivo van ser as relacionadas cos ámbitos afectivo-emocional e social. Poden destacarse as seguintes:

Ámbito afectivo-emocional:

- Ser comprendido e aceptado polos adultos de referencia e os iguais.
- Vincularse afectivamente de forma positiva co adulto de referencia. Recibir seguridade, confianza e aceptación por parte deste.
- Modificar as súas expectativas negativas respecto ás relacións sociais cos iguais e os adultos de referencia.
- Mellorar o seu sentimento de competencia e de capacidade de afrontamento.
- Diminuír a ansiedade e a frustración.

Ámbito social:

- Mellorar as súas habilidades de relación con iguais.
- Mellorar a súa integración no grupo clase.
- Desenvolver un rol axeitado dentro do grupo.
- Aprender estratexias de participación por quendas

Ámbito comunicación:

- Establecer interaccións verbais cos adultos e nenos da escola e do seu ámbito social e familiar
- Diminuír a ansiedade nas situacións de interacción social con outros.

INTERVENCIÓN EDUCATIVA

Dada a orixe multicausal do mutismo a intervención debe contemplar a actuación nos diferentes ámbitos sociais e relevantes do neno: o familiar-social e o escolar.

O obxectivo final da intervención é que o neno con mutismo selectivo sexa capaz de interactuar verbalmente de forma espontánea cos adultos e os nenos da escola e do seu ámbito social e familiar, levando a cabo peticións verbais espontáneas e respondendo de forma audible ás preguntas que os demais interlocutores lle formulan.

En primeiro lugar destacar que a intervención deberá ter en conta as seguintes premisas:

1. Tanto as actitudes de sobreprotección como as que tenden a minimizar ou ignorar o problema e que teñen como obxectivo non provocar sufrimento nos nenos, non fan máis que reforzar e incrementar o mutismo.
2. As situacións comunicativas naturais non son suficientes para superar o mutismo. É necesario planificalas e deseñar outras situacións, garantindo sempre o éxito dos intercambios comunicativos do neno.
3. En cada momento da intervención partírase do que o neno é capaz de facer con axuda.
4. A esixencia axustarase a unha progresión e manterase ao longo de todo o proceso, evitando a tendencia natural á acomodación, no nivel alcanzado, tanto dos nenos coma do ambiente.
5. A necesidade de rigor e sistematicidade e a diversidade de ámbitos afectados esixe a coordinación de todos os implicados.

A intervención realízase de forma paralela en dous ámbitos: **familia e escola**. E xira en torno a dous grandes eixes: un xeneral que pretende **mellorar as condicións persoais e sociais do alumno** e o outro máis específico que incide directamente na **interacción verbal**.

PAUTAS E ORIENTACIÓNS PARA A FAMILIA

A). Pautas para mellorar as condicións familiares, persoais e sociais:

- Ofrecer ao neno un ambiente de seguridade, comunicación, serenidade, comprensión e afecto.
- Eliminar actitudes de sobreprotección.
- Manifestar confianza nas posibilidades do neno e na superación do problema.
- Evitar os estilos de autoridade ríxidos e a esixencia excesiva de perfección no neno.
- Desenvolver hábitos correctos de autonomía e rutinas na dinámica familiar adecuados á súa idade en relación á alimentación, hixiene, vestido, orden,...
- Asignar responsabilidades axeitadas á súa idade que repercutan positivamente na familia.
- Establecer normas básicas de funcionamento do fogar.
- Incidir no positivo, destacando os seus puntos fortes, reforzando as tarefas que o neno realiza axeitadamente e utilizando con frecuencia o reforzo social.
- Buscar actividades físicas de carácter lúdico que permitan descargar as tensións que experimenten os nenos durante a xornada escolar.
- Facilitar ao máximo a interacción cos seus compañeiros, veciños e amigos da súa idade (actividades extraescolares, saídas, parques, festas, espectáculos...).
- Manter unha comunicación recíproca e continuada coa escola para coordinar as accións.

B). Pautas para a estimulación da fala:

- Ensinar conductas axeitadas de interacción social non verbal e verbal (saudar, pedir para xogar, como acercarse,...).
- Actuar como mediador con outros nenos (comezar a xogar co neno e os outros para facilitar a interacción entre eles).
- Xogar con el e outros nenos a xogos que requiran unha limitada produción verbal (parchís, gansa, dominó, cartas, quen é quen...).

- Planificar situacións que faciliten a comunicación verbal con outros (invitar a nenos á casa, ir facer recados, compras, acudir ao parque ou á praza, ir a aniversarios...).
- Reforzar todas as aproximacións verbais e non verbais do neno cara a outros compañeiros (comentar con el o agradable que resulta estar e xogar con outros, ter amigos, invitar amigos a casa,...).
- Ampliar progresivamente o círculo de amigos cos que comeza a falar (repetir as situacións xeitosas con frecuencia e introducir pouco a pouco as novas relacións).
- Eliminar comentarios que fagan referencia a que non fala (preguntar se falou en clase, se cantou en música, cando vai comezar a falar,...).
- Non o disputar nin lle anticipar consecuencias negativas (non ameazarlle con posibles castigos, repetir curso,...).
- Evitar as comparacións con outros irmáns, compañeiros ou outros nenos.
- Evitar comentarios que lle suxiran cando pode empezar a falar, cando é o momento idóneo, como pode facelo.
- Nunca forzarlle a falar en situacións sociais nas que se observe ansiedade excesiva (non insistir en que responda ao saúdo ou preguntas de amigos ou coñecidos).

ESTIMULACIÓN COMUNICATIVA

Imos destacar certas **estratexias de ensino** que nos poden ser útiles á hora de estimular a conducta comunicativa dos alumnos:

- **Retroacción positiva**: adoptar unha actitude positiva ante os actos comunicativos do neno. Gabar e reforzar todos os seus intentos comunicativos.
- **Expansión**: o adulto realiza un comentario que confirma a expresión do neno e a expande incorporando algún elemento sintáctico ou corrixíndoo. Non se lle esixe nada ao neno, tan só ofrécenselle modelos

lixeramente máis complexos ou correctos. Por exemplo: o neno di "gato salta" e o adulto expande "o gato está a saltar".

- **Imitación:** trátase de ofrecer ao neno un modelo completo para que o imite.
- **Índices visuais:** ofrécese ao neno axuda en forma de xestos, signos, obxectos ou imaxes visuais.
- **Preguntas abertas:** ¿que queres?, ¿que fas?,...
- **Instruccións directas:** dáselle unha instrucción para que a repita ou diríxase a outro. Exemplo: dille a "fulanito" que veña.
- **Alusións:** trátase de proporcionarlle un índice indirecto que indique ao neno que espera que comunique algo. Por exemplo "é hora de merendar", para facer que pida a súa merenda, ou "eu sei onde está", para que pregunte.
- **Peticións de clarificación ou de rectificación:** o adulto fai unha emisión, pregunta ou comentario para indicar ao neno que a súa emisión non foi entendida ou de que debe melloralala ou completala. Exemplo: "¿ que "? ", "¿eh?",...

ACTIVIDADES

- Narración de contos.
- Recitada de trabalinguas, poesías curtas, aprendizaxe de rimas,...
- Cantos e melodías.
- Ter todos os días un tempo para falar.
- Falar das súas semellanzas e diferencias.
- Descrición de eventos. Por exemplo do que está a suceder na clase (para que sexa máis concreto).
- Falar da familia.
- Contar historias con sentimentos. Por exemplo con fotos onde se expresen os sentimentos: triste/alegre...
- ¡ Eu tamén fun un bebé!, que traian fotos e vaian contando como eran en cada momento.
- Teatro de sombras.

- Conversacións por teléfono.
- Facer viaxes usando un caderno: mentres se fala e se vai debuxando ir facendo descrições, ir formulando preguntas. Por exemplo: ¿que cres que vai pasar logo?,...
- Facer perdicións: antes de visitar un lugar comentar o que esperan atopar alí e á volta contar a súa experiencia.
- Planificación de eventos: describir o que fan antes dunha actividade. Exemplo: para ir á praia 1º ver se hai bo tempo, 2º poñernos o traxe de baño,...
- ¿En que se parecen?: buscar similitudes entre situacións.
- ¿En que se diferencian?: buscar diferencias entre situacións.
- ¿Que che apetece facer hoxe?.
- Propoñer situacións fantásticas: ¿que pasaría se de camiño ao cole atópaste cun dinosauro?, ¿que pasaría se o cole fose de chocolate?,...
- Conversar en torno a unha actividade. Por exemplo contamos todo o que necesitamos para preparar a merenda, preparámola e nos a comemos,...
- Historias a partir dos seus obxectos preferidos.
- Teatro, monicreques.
- Xogar a facer entrevistas de televisión.
- Facer debuxos na lousa e a partir deles contar unha historia.
- Completar un debuxo inacabado e a partir de aí contar unha historia.
- Respetar a orde cronolóxica vencendo a tendencia de centrarse no máis rechamante.
- Identificar claramente personaxes, lugares e referencias temporais básicas.
- Detectar intencións dos personaxes e as relacións causa-efecto entre os acontecementos.
- Descrición de actos cotiáns. Por exemplo: prepararse para ir ao colexio (poden ir introducíndose cambios, por exemplo non atopa os zapatos,...).
- Etc.